



Rueda junto a González visitando uno de los 'stand' instalados en la Feria Semana Verde de Galicia. Foto: F. I. G. A

Semana Verde impulsa la reactivación empresarial

Rueda confía en que Turexpo capte visitantes para el Xacobeo y que se alcance una afluencia de más de 140.000 peregrinos

SOL ELVIRA
Silleda

El vicepresidente primero de la Xunta, Alfonso Rueda, y el conselleiro del Medio Rural, José González, presidieron ayer junto con el presidente de la Fundación Semana Verde, Ricardo Durán, y el delegado territorial de la Xunta, Luis López, la inauguración de la 43ª edición de la Feria Internacional Abanca Semana Verde de Galicia, que reúne hasta mañana domingo a 389 expositores. El recinto de Silleda retoma así su certamen más emblemático tras la reducción de la actividad el año pasado debido a las restricciones sanitarias.

Rueda indicó que se trata de una feria segura y una oportunidad para reactivar la actividad de las empresas. También destacó la vertiente de ocio con una completa programación de 130 actividades. En su recinto se llevan a cabo el X Salón Turístico de Galicia (Turexpo), la VII Feria de Fiestas de Interés Turístico (Festur), el XXIV Salón de Alimentación del Atlántico (Salimat) y la VII Feria de Caza, Pesca y Naturaleza.

En el caso de Turexpo Galicia, que reúne a 40 turoperadores de 11 países, Rueda confía en que contribuya a captar visitantes para el Xacobeo 21-

77 innovaciones alimentarias se dan a conocer este año en el salón Salimat

Los productos locales cobran protagonismo con la presentación del proyecto Eurochef

22 con el objetivo de que finalice por encima de los 140.000 peregrinos. El certamen cuenta con su bolsa de contratación turística, degustaciones, un viaje de familiarización para turoperadores y, como novedad, el proyecto Eurochef para poner en valor los productos locales de la gastronomía gallega. En Salimat además del mercado de razas autóctonas en peligro de extinción, el área Alinova acoge 77 innovaciones, mientras que Fecap realizan demostraciones y caza, pesca, cetrería, pastoreo y tiro con arco y la competición canina.

El conselleiro del Medio Rural calificó esta edición como la del reencuentro con la normalidad. González también puso en valor el esfuerzo de los agricultores, ganaderos y silvicultores, un compromiso que —dijo— hizo del primario uno de los sectores que mejor sorteó la pandemia.

Mosteiro de Carboeiro

*Silleda,
capricho da
natureza...*

S Concello de Silleda

www.silleda.es

Fervenza da Toxa

Pasear polas miñas paisaxes é adentrarse nun espazo con personalidade propia. Mencionar un só lugar ou monumento non é posible, todo eu son un lugar que merece ser descuberto.

SON VEDRA

Por todo iso, e por moito máis... son Vedra!

Concello de Vedra Turismo

www.vedraturismo.com
www.concellodevedra.gal

Mondoñedo presenta o seu rico patrimonio

O concello de Mondoñedo estará presente un ano máis en Silleda na Feira *Turexpo* Galicia, que se celebra dentro da Semana Verde. O municipio, con *stand* propio, ten como obxectivo dar a coñecer e promocionar a súa riqueza patrimonial, cultural e turística ao abeiro das súas tres festas de Interese Turístico galego como son As San Lucas, que se celebra dende 1156 e que representa a feira máis antiga de Galicia e unha das máis ancestrais de Europa; o Mercado Medieval e a Semana Santa.

Xunto a elas, tamén achega o seu importante patrimonio, destacando o seu Conxunto Histórico-Artístico, do que a Catedral Basílica de San Martiño está a cabeza (Patrimonio da Unesco dende o 2015); e promociona a súa cultura, con museos como a Casa-Museo de Álvaro Cunqueiro, sobre o escritor nado en Mondoñedo, o Museo da Imprenta ou o Centro de Interpretación do Camiño Norte.



Promociónase na feira ao abeiro das súas festas de Interese Turístico: As San Lucas, Mercado Medieval e Semana Santa. Foto: C.d.M.

Ademais, tamén loce nesta cita a súa artesanía, co barrio dos Muíños, onde se recuperaron os oficios tradicionais. Grazas a isto, hoxe en día pódense visitar oleiros, canteiros, monicrequeiros e serigrafistas. E, como non, tamén promociona a súa natureza, encabezada pola Cova do Rei Cintolo, a

máis grande de toda a comunidade e que conta con máis de 6.500 metros de galerías -visitable en grupos reducidos- ou áreas de Rede Natura 2000, zonas LIC.

Deste modo, Mondoñedo achega o seu universo á feira de Silleda, amosando un territorio único que é digno de ser coñecido.

Melide, propostas variadas todo o ano

O concello de Melide estará presente esta fin de semana na Semana Verde de Silleda, a través do Salón Turístico de Galicia, *Turexpo*, para promocionar todo o seu potencial turístico ante visitantes e *touroperadores* nacionais e estranxeiros. A cita supón unha oportunidade única para mostrar os grandes e variados recursos cos que conta este territorio, cerna de Galicia.

Neste senso, o municipio promocionará a súa importancia dentro do Camiño de Santiago, xa que no seu termo xeográfico conflúen a ruta primitiva e a francesa, dúas variantes que levan a milleiros de camiñantes á terra máis doce de peregrinación cara á capital galega. Por iso, ofrece unha ampla actividade diaria para o seu benestar, a cal mostrarán nesta ocasión.

Outro das potencialidades deste concello hospitalario é a súa gastronomía. Froito da tradición de moitos anos, o seu polbo é o mellor cocinada



O alcalde de Melide, Jose Manuel Pérez (d.), e o concelleiro de Promoción Económica, Xosé Igrexas, no stand da feira. Foto: C.d.M.

do mundo e os seus viños, únicos en Galicia.

Con todo, a vila é tamén recoñecida pola Festa do Melindre e da Repostería Tradicional, de Interese Turístico, e que se potenciará dentro do evento a través de *Festur*. A celebración, no segundo domingo de maio, serve para exaltar un dos produtos

máis típicos e tradicionais desta zona.

A maiores, dende o *stand*, facilitaráselle aos interesados toda a información que demanden do concello, desde a ampla oferta cultural e patrimonial da que dispoñen ata os demais festexos e actividades que se desenrolan ao longo do ano.

MELIDE CERNE DE GALICIA

SOMOS CAMIÑO

www.concellodemelide.org

Mondoñedo, a un paso de ti

PATRIMONIO • ARQUEOLOGÍA
ENTORNO NATURAL • GASTRONOMÍA
ARTE Y LITERATURA

ACREDITADO COMO
"Pueblo más bonito de España"

Concello de MONDOÑEDO

/turismomondonedo www.concellomondonedo.es

Arzúa, oferta de ocio natural e do Camiño Os Bolechas mostran as riquezas de Vedra

O concello de Arzúa presenta no Salón de Turismo de Galicia, *Turexpo*, toda a súa potencialidade de ocio na natureza e do seu patrimonio cultural e monumental vencellado ao Camiño de Santiago. No stand que instalou no recinto feiral de Silleda a concelleira de Turismo, o visitante poderá acceder a diverso material audiovisual e dixital no que se recollen as paisaxes, rutas de sendeirismo, instalacións deportivas e guía de ocio da vila con todos os establecementos de hostalería e restauración.

Para a concelleira de Turismo, Begoña Balado, esta presenza "supón o punto de arranque dunha ambiciosa campaña de promoción da vila que nos levará participar en salóns profesionais nacionais e internacionais".

A través dun Qr terase acceso a nova web de turismo de Arzúa na que se amosan unha gran cantidade de fotografías, acompañadas de textos explicativos que poden ser seleccionados en galego, cas-



Paso de peregrinos pola área recreativa de Ribadiso. Foto: C.d.A.

telán ou inglés. Con esta ferramenta búscase acceder ao público, tanto nacional coma internacional, que tradicionalmente cruza o territorio peregrinando a Compostela.

Outra das novidades é a presenza de mapas interactivos que mostrarán os principais activos turísticos dunha maneira atractiva e cunha experiencia de usuario orientada a conseguir que os potenciais turistas exploren e descubran todo o que se lles ofrece.

Para fomentar a comercialización de Arzúa como destino, a concelleira xestionou a presenza dos operadores de restauración e hostalaría da vila na Bolsa de Contratación turística dos vindeiros 3 e 4 de setembro. Este encontro resulta de especial interese para os establecementos porque poderán tomar contacto con destacados *touroperadores* e supón unha posibilidade destacada para dar a coñecer as súas ofertas.

O concello de Vedra participa estes días no Salón Turístico de Galicia, *Turexpo*, para dar a coñecer os seus principais atractivos turísticos. Dunha maneira moi visual e diferente, o municipio descubre os seus variados recursos a través da exposición "Os Bolechas van a Vedra". A maiores, dentro do seu stand, tamén contan cunha vitrina cos principais produtos locais: viños, augardentes, licores, vermú, pan, doces, queixo, aceite, mel, camelias...

A través dos personaxes da serie infantil galega, dáse a coñecer a todo o público algunhas das marabillas que distinguen a este municipio coruñés. O seu importante patrimonio natural, cultural, arquitectónico e gastronómico ponse así en valor, cun estilo moi atractivo, ante touroperadores nacionais e internacionais.

A través dos personaxes da serie infantil galega, dáse a coñecer a todo o público algunhas das marabillas que distinguen a este municipio como o



Stand diferente e moi visual do concello en Turexpo. Foto: C.d.V.

Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, o Miradoiro de Gundián, a Área de Interpretación de Muíños, o Couto de Ximonde, a Igrexa de Vedra e a Capela e Fonte de "Santiaguíño".

Ademais, entre os seus principais elementos turísticos atópase o río Ulla e os seus afluentes, unha rede fluvial que conforma unha paraxe de val protexida pola Rede Natura 2000. Tamén destacan estas terras por ser a "horta e xardín de Composte-


la", dado o seu microclima.

A maiores, entre as construcións, existen numerosas edificacións relixiosas, pero tamén pazos e casas grandes. Do mesmo xeito, a arquitectura de auga ten identidade propia polas pontes que permiten o paso do curso fluvial.

Por último, con motivo do evento, tamén se promoverá en *Festur* a Festa dos Xenerais do Ulla, de Interese Turístico.

Arzúa

Destino Verde



Ribadiso, Camiño de Santiago por Arzúa




Capilla da Magdalena

Arzúa,
paso
de
peregrin@s



Concello
de Arzúa
www.arzua.gal



Fervenza das Hortas

Silleda, territorio único no interior de Galicia

Silleda recupera neste 2021 a súa tradicional Semana Verde de Abanca, unha cita internacional na que se promocionan centos de expositores, de innumerables sectores. Dentro deste sinal de identidade do evento, o propio concello tamén aproveita a cita para poñer en valor as súas potencialidades turísticas antes operadores de todo o mundo.

Destaca, por exemplo, a presenza do Mosteiro de Carboeiro, unha obra arquitectónica do románico de transición a un gótico serodio, finalizada no 939, que constitúe un dos monumentos máis característicos da arte medieval galega. Entre as edificacións, tamén sobresaen a gran cantidade de edificios señoriais, xa sexan pazos, casas grandes ou rectorais, que lle dan a Silleda, na antiga Xurisdición de Trasdeza, certa singularidade.

Camión de Santiago, os peregrinos que realizan a histórica Vía da Prata atravesan este concello do interior da co-



CARBOEIRO. O mosteiro é un dos monumentos máis característicos da arte medieval galega. Foto: C.d.Silleda

munidade durante dezanove quilómetros, polo cal conta con servizos de todo tipo para os transeúntes.

Do mesmo xeito, a natureza é outro dos principais recursos deste territorio. A rede fluvial Ulla-Deza deixa unhas paraxes espectaculares, destacando a Fervenza do Río Toxa. Practicar o sendeirismo

polas súas rutas, permite gozar da riqueza natural galega en todo o seu esplendor.

E como non, Silleda tamén é terra de festexos. O municipio conta con ata tres celebracións de Interese Turístico que estarán presentes estes días en *Festur*: a Empanada de Bandeira, a Tortilla de Loro e os Xenerais do Ulla.

Viveiro, cidade única en pleno Cantábrico

O concello de Viveiro está presente nas xornadas de *Turexpo* en Silleda mostrando ao público e aos operadores turísticos todos os seus recursos. O concello do norte de Lugo destaca pola súa contorna natural, o seu patrimonio e unha gran gastronomía.

Con máis de 900 anos de historia, nesta urbe mariñeira sobresaen o seu casco histórico, no que se poden descubrir as portas de Carlos V, da Vila ou a do Valado; as igrexas parroquiais de Santa María e Santiago-San Francisco; as súas prazas ou as súas empinadas e fermosas rúas gremiais. Ademais, tamén resultan de interese a Ponte da Misericordia, así como as casas con corredores, balconadas e galerías acristaladas, dende as que se reflicta a fermosura da súa ría.

Precisamente, o Cantábrico xoga un papel crucial no devir da cidade, xa que ten unha gran importancia na economía local, non só pola pesca, senón tamén polos seus finos areais, que reciben a miles de bañistas cada verán. Do mes-



Porta de Carlos V, unha das tres que se conservan do antigo recinto amurallado do municipio lucense. Foto: María San Isidro

mo xeito, a súa gran riqueza e variedade paisaxística, con costa, val, río e montaña convérteno nun lugar idóneo.

A maiores, o municipio asegura ao visitante unha gastronomía de primeira calidade, cunha gran variedade de establecementos para degustar un bo viño ou cervexa, acompañados de impresionantes pratos cos mellores produtos

do mar e da terra.

E para complementar a súa oferta, Viveiro destaca polas súas festas, especialmente, a Semana Santa, de Interese Turístico Internacional, a Rapa das Bestas, o *Resurrection Fest* ou o Naseiro. Precisamente, a Semana Santa e a Merluza do Pincho de Celeiro promocionáronse na mostra de *Festur*.

www.viveiro.es

Concello de Viveiro

XLIII Feira Internacional

ABANCA

SEMANA VERDE DE GALICIA

Silleda, 3 - 5 setembro 2021

ENTRADA GRATUITA

CERTAMES PARALELOS:

SALIMAT ABANCA

salón de alimentación do Atlántico

FECAP ABANCA

Feira de caza, pesca e natureza

TUREXPO GALICIA

salón turístico de Galicia

FESTUR

Feira de Festas de Interese Turístico

Gran espectáculo de Paulo Martinho

Horario de 10 a 20 h.

www.semanaverde.es